

A realidade da AP-9 e do goberno local, hoxe en Redondela



Este venres pasado, a “Ministra do Cemento” deulle o tiro de gracia á veciñanza de Chapela e Trasmañó, **despois de 6 anos e medio de agonía e sufrimento**. A prensa sería publicaba, case en directo, titulares como “*Arranca la ampliación de Rande*” ou “*La ampliación del puente de Rande, es hoy una realidad*”. Moitas grazas, PPSOE.

A realidade é que hoxe en Redondela hai **11 familias que aínda non saben canto se lle vai a pagar polas súas vivendas nin que día vai suceder iso**. A realidade hoxe é que **aínda non está asinado o traslado do colexio Igrexa de Chapela**, nin tampouco está asegurada a non dispersión do alumnado por outros centros. A realidade hoxe é que **aínda non se sabe que vai a pasar co Castelo de Rande**. A realidade hoxe é que **aínda non se sabe que como se vai a insonorizar a autoestrada**. A realidade hoxe é que **aínda non se sabe se os propietarios de vivendas e parcelas que quedan dentro da zona de afección, van a ser indemnizados pola perda patrimonial das súas propiedades, tal e como marca a lei**. A realidade hoxe é que **aínda non se sabe que vai pasar cos bancos marisqueiros, zonas de pesca e polígonos bateiros afectados**. A realidade hoxe é que **aínda non hai resposta ao informe do arquitecto municipal trasladado a Fomento o 5 de Setembro de 2014 onde sinala sinalaba que:**

“O pavillón polideportivo é parcialmente expropiado e non figura na relación (BOE). A finca 2 das expropiadas adxudicase a “Tranvías Eléctricos” cando parcialmente corresponde o Concello Nº IMB 3504. Os camiños públicos A Praia, Mouriño, Estrada do Torreiro, De Fonte Cornido e Pasán están parcialmente expropiados e non figuran na relación (BOE). A finca 66 da relación adxudicase a “José Collazo” cando corresponde ao Concello pois trátase do “lavadoiro de Fonte Cornido” Nº IMB 109 parcela1.”

A día de hoxe este é o resultado das “ducias” de reunións do goberno do PP de Redondela coas outras administracións que eles mesmos gobernan. Reunións das que alardeaba o concelleiro de Medio Ambiente no pasado pleno, aportando datas e participantes. ¡Que tempos aqueles cando este goberno local andaba polas rúas de Chapela detrás dunha pancarta que poñía “NON Á AMPLIACIÓN DA AP-9”. O tempo pon a cada un no seu sitio.